

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 02.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 12831 (10/POC-002186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre a declaración de "festa de interese turístico" a Festa das covas de Vilamartín de Valdeorras (Ourense)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017
- 1.2 13724 (10/POC-002391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a dispoñibilidade de solo industrial na provincia de Pontevedra e a situación concreta da Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017
- 1.3 15037 (10/POC-002746)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co proxecto de central hidroeléctrica reversible promovido por Gas Natural SDG, S. A., nos ríos Salas e Limia, e a súa opinión respecto da súa adaptación ás necesidades de aforro e eficiencia, así como o cumprimento dos obxectivos europeos para o 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.4 15651 (10/POC-002827)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as razóns que posibilitan a concesión polo Inega dunha axuda de 1.000.000 de euros para a execución do proxecto de construción dun planta de biomasa no concello de Melide
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

Punto 2. Designación, se é o caso, da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12831(10/POC-002186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a declaración de "festa de interese turístico" a Festa das covas de Vilamartín de Valdeorras (Ourense)

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Alvarez, Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O mundo do viño e a tradición vitícola está moi presente no concello de Vilamartín de Valdeorras con viveiros, adegas e elementos etnográficos de gran valor como son as covas. Ademais neste concello está a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras, a segunda denominación máis antiga de Galicia e que conta con protección como tal dende 1945. O concello conta no seu territorio con adegas e varias covas visitables, de feito están catalogadas unhas duascenas covas.

A Festa das Covas nace no ano 1996 no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), que se celebra o primeiro sábado de agosto, coa idea de dar a coñecer os viños que os particulares colleitan, ben para a súa venda ou ben por hobby, destacar que esta actividade, é a segunda actividade económica máis importante da comarca, son moitas as adegas que hoxe venden os seus caldos.

Xunto co viño, degústanse os petiscos típicos e así recupérase o antigo uso da adega, como lugar de reunión entre veciños, ben para degustar ou merendar e pasar un intre con amigos.

Temos constancia, que o Pleno extraordinario do Concello de Vilamartín de Valdeorras aprobou por unanimidade que se solicitase á Xunta de Galicia a declaración desta festa como de interese turístico; a Asociación de Cobeiros de Vilamartín por medio do seu presidente Manuel Ferrer Ferrer rexistrou no seu día a pertinente documentación, pero dende aquela non recibiron ningún tipo de resposta.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 12:29
Nº Rexistro: 12831
Data envío: 18/07/2017 12:29:17.635



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

En que fase están os trámites para a declaración de Festa de Interese Turístico da Festa das Covas de Vilamartín de Valdeorras (Ourense)?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2017

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Alvarez
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/07/2017 12:27:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/07/2017 12:27:51

Noela Blanco Rodríguez na data 18/07/2017 12:27:56

Raúl Fernández Fernández na data 18/07/2017 12:28:00

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13724(10/POC-002391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade de solo industrial na provincia de Pontevedra e a situación concreta da Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN)

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Nestes últimos días apareceu na prensa a noticia de que a Comisión de seguimento da Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan) ten acordado sacar a licitación a depuradora do que se coñece como «porto seco» de Vigo, afirmando que se publicará proximamente no DOG.

Sinalouse que xa está redactado o anteproxecto da depuradora da primeira fase do parque loxístico, polo que xa será posible iniciar a contratación da redacción do proxecto e a obra de ese equipamento por importe de case 4 millóns de euros.

Tendo en conta que a Xunta de Galicia declarou no seu momento que a comezos de 2017 a Plisan estaría en condicións de recibir as primeiras empresas, e que isto non é posible sen a posta previa en funcionamento de dita depuradora, as incertezas que se acumulan sobre a construción da Plisan seguen aumentando, mentres as deslocalizacións aumentan cara o norte de Portugal e o chan industrial é un ben escaso e caro no sur da provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten algunha estratexia definida con claridade e con un horizonte temporal razoable a Xunta da Galicia ante a carencia de chan industrial a prezos competitivos no sur da provincia de Pontevedra?
2. Cal é a razón pola que o proxecto construtivo da depuradora da Plisan, aínda non se licitou, cando a Xunta de Galicia mantiña que a estas alturas o chan industrial estaría a disposición das empresas?



 Grupo Parlamentario

3. Existe un calendario pechado de posta a disposición das empresas do chan industrial da Plisan?
4. Cal é ese calendario?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/08/2017 10:45:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/08/2017 10:45:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/08/2017 10:45:47

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 15037(10/POC-002746)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co proxecto de central hidroeléctrica reversible promovido por Gas Natural SDG, S. A., nos ríos Salas e Limia, e a súa opinión respecto da súa adaptación ás necesidades de aforro e eficiencia, así como o cumprimento dos obxectivos europeos para o 2020

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6**, relativa ao proxecto de central hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA e á afectación en diversos municipios ourensás.

O pasado venres 19 de maio de 2017 saíu publicada no Boletín Oficial do Estado a resolución do 5 de maio de 2017 da secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto Central Hidroeléctrica reversíbel de Gas Natural SDG. SA que afecta aos encoros das Conchas e de Salas e a varios municipios ourensás. Este proxecto, do que leva anos a falarse e a terse noticias por diversas fontes, modificaría as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas (Salto de Salas) e do río Limia (Salto das Conchas) e afectaría aos concellos de Muíños, Lobios, Lobeira e Entrimo, ubicados nunha contorna caracterizada polo seu alto valor ambiental e natural así como por unhas circunstancias socioeconómicas atravesadas polo avellentamento e a perda de poboación.

Este acontecemento ten levantado as alertas de veciñanza e diversos colectivos ecoloxistas. Cómpre recordar que o encoro das Conchas presentou xa no ano 2011 un alto índice de contaminación por cianobacterias, tal e como desvelou un estudo do Laboratorio de Xenética da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid malia que nesa altura os datos fornecidos polo goberno galego eran positivos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037

Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Desde entón diferentes movementos veciñais e sociais teñen traballado por unha solución para o embalse das Conchas e por evitar a afectación a zonas colindantes e de alto valor tanto social como ambiental, como por exemplo o encoro de Lindoso, de Salas ou o Parque Natural do Xurés na súa extensión galega e portuguesa.

Como se o impacto ambiental e a repercusión no territorio e na poboación non foran abondo coa situación actual das instalacións, a empresa quere aumentar os beneficios que obtén da explotación dos nosos recursos impulsando unha central de bombeo entre os encoros Salas e As Conchas para multiplicar o bombeo. As obras proxectadas desenvolveranse na denominada zona de transición da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, a terreos incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura e en zonas de protección de diferente índole. Alén do previsíbel e alertado impacto en numerosos indicadores ambientais, do risco de contaminar o encoro de Salas, da afectación á calidade das augas, etc. desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que de ir adiante esta modificación da concesión estaríamos diante dun novo caso de especulación enerxética no noso país favorecendo un modelo que non favorece o aforro e a eficiencia nin é preciso para a produción do país.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que actuación levou, ou vai levar a cabo, o goberno galego a respecto do proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido por Gas Natural SDG. SA que modifica as características de aproveitamentos hidroeléctricos do río Salas e Limia?

- Ten desenvolvido, ou vai desenvolver, o goberno galego estudos propios a respecto dos riscos ambientais, sanitarios e de calidade das augas que supón o proxecto?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037
Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

- Ten avaliado o goberno galego as alegacións presentadas por organización e colectivos do país ao respecto?

- Considera o goberno galego que este proxecto enerxético se axusta ás necesidades de aforro e eficiencia? e ao cumprimento dos obxectivos europeos para 2020?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:27:23

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:27:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15037

Data envío: 01/09/2017 11:28:54.289

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:27:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:27:31

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:27:33

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:27:34

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15651(10/POC-002827)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns que posibilitan a concesión polo Inega dunha axuda de 1.000.000 de euros para a execución do proxecto de construción dun planta de biomasa no concello de Melide

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15651
Data envío: 07/09/2017 11:05:01.019

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á planta de biomasa de Melide.

A mediados de marzo do presente ano en Melide non se fala doutra cousa: "Xunto ao colexio nº 2 vaise instalar unha planta de biomasa que fornecerá de auga quente e calefacción a toda a vila". Entre a sorpresa e a indignación succédense os comentarios. A alarma social vai medrando. É así que xorde unha plataforma veciñal preocupada polo risco dos alumnos e da veciñanza que comeza a recoller sinaturas en contra do proxecto e procura divulgación e apoios.

A nova salta no Concello. Efectivamente, o 2 de marzo a empresa MEDANCLI SL solicita licenza municipal para a construción da rede de calor "*Camiño de Santiago*".

O 14 de marzo a empresa presenta a solicitude de licenza para a nave industrial (A Martagona, lindando co colexio nº 2). O feito de que a potencia da caldeira non exceda de 1 Mw (1.000 Kw) facilita a súa tramitación dado que non esixe informes medioambientais. A nave vai con 3 chemineas pero soamente funcionaría unha.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15651
Data envío: 07/09/2017 11:05:01.019

A canalización da tubaxe irá por fases, pois a primeira delas non pode cruzar estradas de competencia extra-municipal nin pode afectar ao Camiño de Santiago, non teñen os permisos correspondentes, en especial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O 29 de marzo xorde unha denuncia dun particular, polo que o 26 de abril a alcaldía, vía resolución, paraliza a obra e esixe a reposición da legalidade. A finais de abril a empresa presenta un proxecto modificado de instalación, (cambio de localización), no Marco (polígono 53 parcela 148), a 200 m. escasos do colexio da Martagona. Caldeira 1.000 Kw.

O 7 de xuño comezan os trámites para conceder a licenza para nave na nova localización. O 20 de xuño, o concello en Xunta de Goberno Local concede a licenza de construción de nave e soterrado de tubaxes. A celeridade dos trámites foi obxecto de crítica por parte do BNG. Para facer efectiva dita licenza era preciso presentar o oficio de obra visado, así como a correspondente acta de replánteo (o último soamente en relación á construción da nave). Nesta ocasión 2 tenentes de alcalde non asisten á reunión cando o facían habitualmente.

O 5 de xullo o BNG accede (unha vez máis) ao expediente e detecta falsidade documental, e xa ese mesmo día fai unha advertencia de carácter verbal. Tamén pregunta pola acta de replanteo, dado que a mesma non constaba no expediente. Ao día seguinte convócase unha xunta de voceiros, feito totalmente atípico. O 7 de xullo o BNG instou á alcaldía para que declarase nulo o acordo de licenza.

O proxecto (en primeira fase) conta cunha axuda de 1.000.000 de euros por parte do INEGA (cofinanciado con fondos FEDER). Prazo de execución: antes de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15651
Data envío: 07/09/2017 11:05:01.019

novembro de 2017. O 10 de xullo celébrase a xunta de voceiros e xa se adianta por parte da alcaldía que atenderían o escrito do BNG.

O 14 de xullo o concello paraliza de forma provisional a licenza, e dáselle 10 días á empresa para presentar alegacións. No concello apóianse no escrito do BNG acerca da falsidade documental. Neste instante é cando o asesor xurídico fala das consecuencias (mesmo de tipo penal) que implica a falsidade documental.

O 21 de xullo o BNG comproba que non se cumpriu un requisito previo ao inicio das obras: non existe oficio de dirección de obra.

Veciños da Plataforma consultan o expediente no INEGA e descubren contratos de exclusividade asinados pola empresa e por un concelleiro do PP no goberno, contratos negados en todo momento polo Concello.

O 2 de agosto a empresa renunciou formalmente á axuda e devolveu 500.000 euros que tiña percibido en concepto de anticipo. Xusto ao día seguinte o INEGA declarou a perda de eficacia da concesión da axuda outorgada polo director do INEGA e procedeu ao arquivo do correspondente expediente. O día 8 de agosto o director do INEGA ditou resolución de aceptación de renuncia.

Se houbera que poñer un cualificativo a toda esta maraña sería o de chapuza. É que no Concello de Melide están a velas vir, ou hai intereses inconfesables por detrás de toda esta operación?

É viable unha planta de Biomasa de 1 Mw para fornecer de enerxía térmica á vila de Melide, ou é necesaria máis potencia (3 Mw), tal e como se desprende no proxecto, en concreto tres chemineas e tres caldeiras?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15651
Data envío: 07/09/2017 11:05:01.019

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Cales son as razóns para que un organismo que manexa fondos públicos, coma o INEGA, poida conceder unha axuda a un proxecto que xa desde o seu inicio presenta un bo número de irregularidades e que non ten en si mesmo viabilidade?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:03:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:05
Nº Rexistro: 15651
Data envío: 07/09/2017 11:05:01.019

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:03:35

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:03:37

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:03:38

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:03:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:03:41

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 02.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Designación, se é o caso, da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.